Introducción JDBC

Introdución JDBC

JDBC (Java Database Connectivity - Conexión con bases de datos dende Java) é unha **API (Application Programming Interface - Interface de programación de aplicacións)** de Java, que permite executar instruccións SQL para manipular e xestionar bases de datos relacionais.

Contén os paquetes **java.sql** e **javax.sql**, cun conxunto de clases e interfaces que permiten traballar coas bases de datos. Basicamente necesitamos as seguintes:

1. **DriverManager**: Java necesita recoñecer o xestor base de datos (SQL Server, MySQL, Derby...) e saber como comunicarse con el. Para isto **JDBC** necesitará un driver controlador o cal será xestionado por **DriverManager**
2. **Connection**: Permite establecer a conexión coa base de datos.
3. **Statement**: Permite executar sentencias SQL sen parámetros. Ten moitos métodos, pero hai 2 interesantes:
    - **executeUpdate()**: Emprégase para sentencias SQL que impliquen modificacións na base de datos (INSERT, UPDATE, DELETE, etc).
    - **executeQuery()**. Emprégase soamente para consultas (SELECT e similares).
4. **ResultSet**: Contén os resultados das consultas SQL, isto é, por exemplo contén as filas obtidas ao executar unha sentencia **SELECT**

--ricardofc [10/05/10]